

VOLCÁN ■ A calma recuperárase "nun par de días", tras unha semana de graves perturbacións na que se cancelaron máis de 100.000 traxectos

Case o 100% dos voos operarán con normalidade hoxe en Europa

Fronte ás críticas das aerolíneas, un experto da ONU eloxia a decisión de impedir despegar os avións polos riscos

Redacción/Axencias · Santiago/Madrid

O tráfico aéreo en Europa recupera-
rá practicamente a normalidade du-
rante a xornada de hoxe, cando des-
pegará case o cento por cento dos
voos, tras unha semana de graves
perturbacións debido á nube de cin-
za procedente do volcán islandés,
segundo informou a Seguridade na
Navegación Aérea (Eurocontrol).
Eurocontrol informa tamén de que
o 80% dos 28.000 voos da xorna-
da de onte despegaron e as restri-
cións de espazo aéreo por baixo dos
20.000 pés (6.000 metros) limítan-
se xa soamente a algunhas áreas de
Finlandia e o norte de Escocia.

Con todo, Finlandia continúa
tendo grandes complicacións, xa
que varios aeroportos importantes,
incluíndo o de Helsinqui, se atopa-
ban onte pechados e tardarán "un
par de días" en retomar a normali-
dade. Ademais, numerosos pasaxe-
iros bloqueados polas cancelacións
da última semana seguen trata-
ndo de regresar ás súas casas, xa que
nin sequera os voos especiais ha-

bilitados por algunhas compañías
poden absorber a gran cantidade
de afectados. Desde o xoves pasa-
do, canceláronse en Europa ao re-
dor de 100.000 traxectos. En Espa-
ña, un total de 1.630 voos, o 19%
dos aproximadamente 8.600 pro-
gramados polas compañías aéreas,
Iberia, Air Europa, Spanair e Vuel-
ing, tiveron que ser cancelados du-
rante os últimos seis días.

As perdas económicas tamén
foron importantes. Segundo un co-
municado das aerolíneas, deixaron
de ingresar 400 millóns de dóla-
res (297 millóns de euros) ao día.
As protestas foron importantes, pe-
ro tamén os apoios. "As autorida-
des europeas actuaron ben á hora
de pechar o tráfico aéreo a semana
pasada e así evitar máis riscos de
desastres se os avións voaban a tra-
vés das nubes de cinza volcánica",
asegura un conselleiro científico da
ONU, Henri Gaudru.

Gaudru, que ten máis de 40 anos
de experiencia no estudo das erup-
cións volcánicas, declarou que nun-
ca se elaborou un estudo serio do
efecto deste po nos motores dos
avións. "En ausencia de feitos fiá-
beis, a única cousa que se podía fa-
cer era impedir que os avións voa-
sen, dado o risco de que estes su-
frisen danos graves nos motores, e
quizais puidesen estrelarse", expli-
cou Gaudru, presidente da Socie-



Pasaxeiros miraban onte os paneis informativos de despegues en Baraxas

ECONOMÍA

Perdas no sector turístico

Foi un moi duro golpe para o turismo nun momento no que empezaba a repuntar. O sector turístico español viu entorpecida a súa leve recuperación da crise, que se observa nos primeiros meses de 2010, polo recente caos aéreo en Europa, que volveu sementar o horizonte do turismo de máis escuros cando xa se abrían algúns claros, segundo Exce-
l-tur. As perdas do sector turístico español, excluíndo ás aerolíneas, acumuladas nestes seis días de restricións do tráfico aéreo alcanzan os 252 millóns de euros.

dade Europea Vulcanolóxica. "Non foi unha reacción esaxerada. Sinxe-
lamente, non sabemos o suficiente
sobre estas nubes e o que pode suce-
derlles ós avións que as atravesan",
indicou.

Pola creación dun "ceo único europeo"

A Comisión Europea defendeu onte
acelerar a creación dun 'ceo único
europeo' para mellorar a xestión do
tráfico aéreo e evitar que se repitan
crises coma esta. A voceira comu-
nitaria de Transporte, Helen Kear-
ns, asegura que se a UE contase cun
ceo único europeo en lugar de cun
fragmentado en 27 espazos aéreos
nacionais, as decisións se tomarían
moito máis rápido. "Contaríamos
cun xestor comunitario do tráfico
aéreo e iso facilitaría todo moito",
sinalou Kearns. ●